



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2023/G003/002249

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Convocatoria Subvenciones, para a concesión de bolsas para deportistas do Concello de Sada para o exercicio 2023)

ANTECEDENTES

1. Plan estratéxico de subvencións (PES) do Concello de Sada para o ano 2023, que recolle na súa Liña Estratéxica 4ª a liña de subvencións 4.1, denominada «Bolsas para deportistas de nivel do Concello de Sada», cun orzamento previsto de 10.500 euros.
 - Expediente de convocatoria de subvencións núm. 2023/A002/000006, no que constan: Proposta da Concelleira de Deporte, Educación e Xuventude para a súa tramitación.
 - Memoria xustificativa de obxectivos, custos e fontes de financiamento.
 - Bases reguladoras da convocatoria, que incorporan as modificación indicadas pola Secretaría.
 - Certificado de existencia de crédito.
 - Informe da Intervención Municipal JPB311/2023, no que se fiscaliza de conformidade o expediente.

Por todo o que antecede, esta alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- aprobar a convocatoria da liña de subvencións LS 4.1 (PES 2023), coa denominación «Bolsas para deportistas de nivel do Concello de Sada para o ano 2023».

Segundo.- autorizar o gasto total por un importe máximo de 10.500 euros, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 341.48000 do Orzamento Municipal 2023.

Terceiro.- publicar as bases reguladoras na Base de Datos Nacional de Subvencións, segundo indican os artigos 18, 20 e 23 da Lei 38/2003, de 17 de outubro, xeral de subvencións. Ademais, a publicidade adaptarase ao nivel local a través da publicación tanto das bases como do seu extracto na páxina web municipal e no Boletín Oficial



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

da Provincia da Coruña, abrindo o prazo de solicitude dende o día seguinte ao da publicación do extracto. As bases reguladoras terán o texto que segue:

- BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE SADA EXERCICIO 2022-2023

I.- Bases reguladoras e financiamento

As presentes bases regulan a convocatoria de concesión de bolsas para axuda a deportistas do Concello de Sada, no marco das Bases de Execución do Orzamento Xeral.

O Concello de Sada quere, pola presente convocatoria, dar apoio a os deportistas e contribuír para que acaden os seus obxectivos, fomentar a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación, contribuíndo, deste xeito, a impulsar a igualdade e a democratización da sociedade, estas subvencións están recollidas dentro do Plan Estratéxico de subvencións 2023, aprobadas en sesión plenaria celebrada o pasado 28 de setembro de 2023 e publicadas no BOP nº 193 do 9 de outubro de 2023.

As axudas outorgaranse con cargo á aplicación orzamentaria 341.48000 ata o límite de 10.500,00 euros.

II.- Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é establecer os criterios e o procedemento para a concesión de bolsas a deportistas de nivel do Concello de Sada, de acordo cos principios de obxectividade, concorrência e publicidade coa intención de fomentar o deporte de nivel entre os veciños e veciñas do municipio

As axudas son individuais e serán concedidas exclusivamente para o financiamento dos gastos correntes derivados de participar en competicións deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional cuxas disciplinas estean recoñecidas pola federación galega, nacional ou internacional da disciplina en cuestión e polo Consejo Superior de Deportes. Tempada 2022/2023, segundo os requisitos establecidos no apartado relativo á xustificación do gasto



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

II.- RÉXIME XURÍDICO.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia.
- Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Bases de execución do orzamento para o ano 2023

Estas axudas serán compatibles con outras axudas, públicas ou privadas, que se concedan para a mesma finalidade sempre que se acredite que o importe total das axudas obtidas non supere o global do gasto subvencionable xustificado. A dotación total da presente convocatoria é de 10.500,00 euros, cun límite máximo por bolseiro de 1.500,00 euros.

III.- Destinatarios

Poderán participar nesta convocatoria os deportistas do Concello de Sada que reúnan os seguintes requisitos:

1. Ter a idade mínima de dez anos cumpridos no ano da solicitude.
2. Estar empadroado no Concello de Sada cunha antigüidade dende o 1 de xaneiro do ano natural no que se convoca a subvención



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

3. Estar en posesión de licenza deportiva, vixente no momento da convocatoria e expedida pola federación deportiva correspondente.
4. Acreditar nivel deportivo na especialidade, polo menos, o ano anterior ao da solicitude, e ter proxección nas previsións de futuro.
5. Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiario de subvencións artigo 13. 2 E 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

IV.- Documentación a presentar no momento da solicitude.

As solicitudes de bolsas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, no modelo normalizado, que se facilitará neste rexistro e no que constará:

1. Solicitude da subvención segundo modelo normalizado. (Anexo I)
2. Fotocopia do DNI ou NIF do solicitante ou do seu representante legal no caso dos menores de idade pai, nai ou titor ou titora legal.
3. Certificación da federación deportiva correspondente, acreditativa da participación nas probas e da clasificación obtida, no que consten as datas e lugar da súa realización
4. Resumo do historial deportivo, obtido durante a tempada 2022-23, no que terán que constar as participacións e os resultados máis importantes obtidos en competicións autonómicas, nacionais ou



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

internacionais, con especificación de datas, lugar e nivel de competición; este historial haberá de vir dilixenciado co visto e prace da federación deportiva correspondente en documento orixinal. (Anexo II). (non se terán en conta a probas que non estean acreditadas na documentación solicitada no apartado 3)

5. Proxecto deportivo, desenvolvido durante a tempada 2022-23, no que se incluírá necesariamente: (Anexo III)

a) Detalle das competicións ás que se asistiu na tempada 2022-23, expresando a súa denominación, data, lugar, número e duración das competicións. (non se terán en conta a probas que non estean acreditadas na documentación solicitada no apartado 3)

b) Nivel de competición nacional, internacional, etc

c) Categoría da competición absoluta, etc

6. Copia compulsada da licenza federativa para a tempada 2022-23.

7. Orzamento de gastos e ingresos estimados a tempada 2022-23.

8. Certificado dun número de conta corrente do que sexa titular o solicitante (IBAN).

9. Declaración de responsabilidade (Anexo IV)



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

10. Xustificación do pagamento (punto IX)

A Concellería de Deporte Educación e Xuventude revisará os expedientes de solicitudes e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de DEZ días a partir da data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, se entenderá que desiste da súa solicitude.

V.- Prazo de solicitude.

O prazo para a presentación de solicitudes será de QUINCE DÍAS naturais dende o día seguinte da publicación da convocatoria das bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

VI.- Comisión de avaliación.

As solicitudes das bolsas serán estudadas e valoradas por unha comisión de avaliación que estará formada por:

Presidente.- A Concelleira delegada de Deporte Educación e Xuventude.

Vogais.- Técnico de deportes xunto a outra persoa que forme parte do persoal do Concello de Sada.

Secretario.- Un funcionario de carreira.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

VII.- Concesión das bolsas.

Previamente á concesión, comprobarase de oficio que os posibles bolseiros non teñen débedas tributarias pendentes. Tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, e resolverá o outorgamento das bolsas a Concelleira delegada da área de Deporte Educación e Xuventude, logo da proposta da comisión de avaliación segundo os seguintes criterios:

1. Proxecto deportivo da tempada 2022-23 (nivel, categoría e número de competicións): ata 35 puntos divididos en tres subcriterios:

a. Nivel máximo de competición: 11,68 puntos campionato do Mundo/Olímpico; 7,77 puntos campionato de Europa; 3,88 puntos campionato internacional.

b. Categoría: 11,66 puntos senior; 7,77 puntos xuvenil/junior (previo a senior)/veterano; 3,88 puntos resto de categorías.

c. Número de probas: 11,66 puntos de asistencia a 10 o máis probas federadas; 7,77 puntos asistencia entre 5 e 9 probas federadas; 3,88 puntos asistencia a menos de 5 probas federadas.

2. Resultados obtidos na tempada: ata 45 puntos, que se repartirán: 45 puntos por clasificacións entre os/as tres primeiros ou primeiras do campionato do Mundo/Olimpíada/Europeo; 25 puntos por clasificacións entre o 4º e 10º do campionato do Mundo/Olimpíada/Europeo; 22 puntos por clasificacións (finais) entre os/as tres primeiros ou primeiras en campionato/copa de España; 20 puntos por clasificacións entre os/as tres primeiros ou primeiras en probas de rango internacional; 15 puntos por clasificacións entre o 4º e 10º en campionatos de España.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

3. Achega económica propia para o desenvolvemento do proxecto/competición: ata 20 puntos. Tomarase como referencia a aportación económica propia que debe facer cada deportista para cubrir o seu proxecto 2022-23. Ao ou á deportista con maior aportación económica se lle outorgarán 20 puntos e, ao resto, de xeito proporcional.

VIII.- Obrigas do beneficiario ou beneficiaria.

1. Realizar o proxecto deportivo obxecto da bolsa, é dicir, ter competido, no ano da convocatoria, en eventos/probas deportivas de relevancia nacional ou internacional organizados ou recoñecidos polas respectivas federacións e sempre que este acceso sexa por selección, por clasificación directa en probas menores ou por acreditar unha marca mínima.

2. Sinalar a súa condición de bolseiro ou bolseira deste programa nas competicións ou actividades nas que participe, e facer constar de maneira visible o escudo e lenda “Concello de Sada”.

3. Acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concede a axuda, coa presentación da documentación xustificativa (Art. X)

4. Someterse ás actuacións de comprobación do concello e ás de control financeiro que lle corresponde á intervención municipal.

5. Comunicarlle ao concello, tan pronto como se coñeza, a concesión doutras subvencións concorrentes por parte doutras administración ou entidades privadas para a mesma finalidade.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

6. Participar en actividades ou campañas de difusión/promoción do deporte que poida realizar a Concellería de Deporte, educación e xuventude . O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento ou coa apertura do expediente de reintegro da subvención indebidamente percibida.

IX.- Notificación e publicidade da resolución.

A resolución da concesión das bolsas ditarase pola concelleira delegada de Deporte Educación e Xuventude nun prazo máximo de tres meses dende a finalización do prazo de solicitude, e procederase a dar publicidade no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello (www.concellodesada.com), así como á notificación informativa individual aos beneficiarios ou beneficiarias, nun prazo máximo dun mes dende a data da resolución.

X.- Xustificación necesaria para recibir a achega do Concello (pagamento).

A achega municipal aboaráselle aos/ás BOLSEIROS ou BOLSEIRAS, unha vez se presente axeitadamente a seguinte documentación.

Os/As bolseiros ou bolseiras deberán xustificar a realización do proxecto deportivo mediante a presentación, no rexistro de entrada, da seguinte documentación referida a tempada 2022-2023.

1. Formulario de xustificación normalizado (Anexo V)
2. Documentación acreditativa da publicidade do Concello de Sada nas competicións obxecto da convocatoria (fotos, prensa, vídeo...)



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

3. Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
4. Salvo aqueles beneficiarios que no estén obrigados a presentar declaracións ou documentos que supoñan obrigas tributarias ou coa seguridade social, que marcarán a opción no anexo V, o restantes deberán presentar:
 - a. Certificado de estar ao corrente das obrigas coa seguridade social
 - b. Certificado de estar ao corrente coa AEAT e ATRIGA
5. Relación dos gastos da actividade, con identificación respecto a cada factura do emisor e número de documento, concepto e relación coa actividade subvencionada, importe, data de emisión e data de pagamento. Deberán relacionarse a totalidade de gastos do proxecto, independentemente da achega concedida. Este importe deberá xustificar como mínimo a contía declarada na solicitude como “achega económica propia” en caso de non ser así aplicarase unha redución proporcional á axuda concedida. En particular, teranse en conta as seguintes regras:
 - a. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade deportiva subvencionada.
 - b. Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde. Nas viaxes que se realicen por mor da actividade e competicións, admitiranse como gastos subvencionables os de desprazamento, aloxamento e os de alimentación.
 - c. Cando o gasto xustificativo se presente a través de liquidacións en concepto de desprazamentos



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

efectuados, deberá aportarse certificado federativo ou certificado do club, segundo o caso, acreditativo da relación entre as datas dos desprazamentos efectuados e as actividades deportivas ou competicións.

6. Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas referidas a gastos efectuados na tempada 2022-23. Unicamente serán admisibles gastos dos exercicios 2022 e 2023. As facturas deberán especificar de forma detallada, o número e características dos servizos prestados ou do material adquirido, os prezos unitarios así coma calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. Non se admitirán como xustificante de gasto as facturas nas que non se detallan os anteditos aspectos. Deberá xustificarse a totalidade de gasto incluído na relación prevista no punto 7 da presente base

7. Xustificantes de pagamento: As facturas ou documentos xustificativos que se presenten deben de estar pagados. Deberá xustificarse a totalidade de gasto incluído na relación prevista no punto 7 da presente base. Para acreditar o pagamento debe achegarse a seguinte documentación xustificativa en función da forma de pagamento que se utilice das admitidas para os efectos de xustificación.

a. Pagamento por transferencia: resgardo da entidade financeira da orde de transferencia.

b. Pagamento por domiciliación bancaria: resgardo da entidade financeira do débito na conta do beneficiario ou beneficiaria.

c. Pagamento por cheque:

- Copia do cheque emitido a nome do provedor ou provedora.

- Extracto da conta corrente de titularidade do beneficiario ou beneficiaria onde figure o cargo do cheque. No caso de que non figure o número de cheque, requirirase informe da entidade financeira na que conste o nº do cheque e data de cargo na conta de titularidade da entidade beneficiaria.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

d. Pagamento en metálico: factura acompañada do ticket de compra asinada e selada polo proveedor ou provedora ou, alternativamente, documento recibín do proveedor ou provedora no que se faga constar a identificación da factura e o seu importe.

e. No caso de que o pago se faga directamente ao club, admitirase documento acreditativo do club onde conste o concepto, importe e forma de pago.

O prazo de presentación da documentación da xustificación comezará a contar dende o día seguinte ao da publicación da concesión da bolsa, e rematará pasados 10 días hábiles.

Vista a documentación xustificativa presentada, a Concellería de Educación e Deporte valorará se se cumpriu a finalidade da subvención e propondrá a aprobación da xustificación presentada, o recoñecemento das obrigas correspondentes, así como a aprobación do pagamento mediante transferencia bancaria, a alcaldía, que previa fiscalización preceptiva ditará resolución ao respecto. A renuncia á bolsa por forza maior, deberá comunicárselle ao concello tan pronto como se produza. O importe da bolsa concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas supere o custo da actividade. En tal caso reducirase a aportación municipal de forma proporcional.

XI.- Incorporación ao Rexistro público de subvencións e publicacións da subvención concedida

En cumprimento co disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto. Disposición adicional primeira . Para o non previsto nesta convocatoria será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o R.D. 887/2006 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Sada, e demais normativa aplicable.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

BOLSA PARA DEPORTISTAS (ANEXO I)

FORMULARIO DE SOLICITUDE

DATOS INTERESADO

Nome e apelidos: NIF:
Data de nacemento: C.P.:
Enderezo:
Tlf: Enderezo-electrónico:

DATOS REPRESENTANTE LEGAL (No caso de que o/a solicitante sexa un/unha menor de idade)

Nome e apelidos : NIF:
Data de Nacemento: C.P.:
Enderezo:
Tlf: Enderezo-electrónico:
Municipio:

DATOS DEPORTIVOS



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Especialidade deportiva:

Licencia federativa 2022-23 nº:

Categoría:

Club ao que pertence:

Enderezo do club:

Sada, _____ de _____ de 2023.

Asinado.

ALCALDE DO CONCELLO DE SADA

BOLSA PARA DEPORTISTAS (ANEXO II)

HISTORIAL DEPORTIVO TEMPADA 22-23.

Competición	Categoría /nivel	Datas/lugar	Clasificación



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Selo e Vº e Prace da Federación deportiva.

BOLSA PARA DEPORTISTAS (ANEXO III)

PROXECTO DEPORTIVO TEMPADA 22-23.

Competición	Data/lugar	Categoría	Nivel(aut,nac...)



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

--	--	--	--

ORZAMENTO ESTIMADO DA TEMPADA 2022-23

GASTOS

Licenzas:
Materias:
Desprazamentos:
Outros:

INGRESOS

Achega propia:
Achega club:
Achega Federación:
Bolsa Concello:
Outras bolsas:
Patrocinadores:

TOTAL:

TOTAL:

Sada, de de 2023.

BOLSA PARA DEPORTISTAS (ANEXO IV)

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/ Dona , con DNI

De conformidade con establecido nas bases para a convocatoria pública de bolsas de deportistas, durante o ano 2023, do Concello de Sada,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

- Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- Non estar incurso ou incura en ningún dos supostos de incapacidade para obter a condición de beneficiario de subvención (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións)

Sada, de de 2023.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Asdo:

BOLSA PARA DEPORTISTAS (ANEXO V)

FORMULARIO DE XUSTIFICACIÓN

DATOS PERSOAIS:

Nome:

NIF:

Enderezo:

CP:

Tlf. Mobil:

Tlf. Fixo:

Correo-electrónico:

Achégolle a documentación xustificaba que acredita o cumprimento da finalidade para a que se me concede a axuda, segundo establecido no apartado G.- das bases da presente convocatoria (BOP núm. ,do de de 2023),

Marcar só no caso de que proceda

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que non estando obrigado a presentar declaracións ou documentos que supoñan obrigas tributarias ou coa seguridade social

- Estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- Non estar incurso ou incurso en ningún dos supostos de incapacidade para obter a condición de beneficiario de subvención (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións)



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

CONCEPTO (FACTURA OU XUSTIFICANTE DO GASTO)	DATA/ LUGAR	IMPORTE
	IMPORTE TOTAL	

Sada, ____ de _____ de 2023.

Asinado:

Sr. Alcalde do Concello de Sada.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.